



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

SR. DIRECTOR DE RR. HH. PSA PEUGEOT CITROËN

Vigo, 04/11/09

Moitas veces se nos reitera que o factor humano debe prevalecer sobre calquera outra circunstancia. Nembargantes os feitos son tozudos e non acompañan a este principio.

Onte unha traballadora da M.2 como consecuencia dun desmallo desplomouse diante da carrozaría onde ven realizando a súa actividade diaria. Nese instante pararon a cadea para evitar que fora “atropelada” pola propia carrozaría, pero a sorpresa ven a continuación cando se decide apartar a persoa para poder poñer a cadea en marcha, en lugar de esperar a que os Facultativos fosen os que tomasen a decisión, así unha vez que chegou o persoal do Servizo Médico, tivo que afrontar as dificultades propias da falla de espazo, sorteando as eslingas en movemento para poder recoller nunha camilla a traballadora.

Esta actuación non podemos vela como unha irresponsabilidade por parte dos que non tiveron a paciencia necesaria que esixía a situación, senón que para a C.I.G. e froito da presión que se exerce sobre a xerarquía facéndolles ver que ante a Producción nada, salvo que, tal e como sucedeu máis tarde fose unha avaría.

Preocúpanos, pois estamos ante un feito que xa se repetiu precisamente en Montaxe con outra persoa, evidentemente un traballador.

Só nos queda preguntar como encaixar estes feitos no documento que estes días se nos entregou baixo o título de “PROGRAMA DE BIENESTAR EN EL TRABAJO”.

Asdo. Miguel Pérez González
Delegado de Prevención pola C.I.G.